

A. S. Alonso Núñez (2004): “Os sufixos –iño, -ito e –ico na fala do concello de Castrelo do Val”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 307-315.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

OS SUFIXOS -IÑO, -ITO E -ICO NA FALA DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL

Aquilino Santiago Alonso Núñez

Facultade de Humanidades. Universidade de Vigo

1. INTRODUCCIÓN

O concello de Castrelo do Val, situado na zona suroriental da provincia de Ourense, contaba en 1991 con 1.463 habitantes de dereito repartidos en dezaseis núcleos de poboación. Dende un punto de vista dialectolóxico (Fernández Rei, 1990), a fala deste concello englobase no bloque central porque nesta zona dise *pantalós* fronte a *pantalois* do bloque oriental e a *pantalóns* do bloque occidental. Dentro do bloque central, esta fala sitúase na área oriental de transición, pois non se empregan *il*, *iste*, formas propias da área lucu-auriense; senón que se usan *el*, *este*¹.

Os obxectivos do presente traballo son os seguintes:

- a) Facer un estudio descritivo dos sufixos *-iño*, *-ito* e *-ico* na fala viva do municipio de Castrelo do Val para axudar a concretar mellor a gramática descritiva do galego común actual no ámbito da sufixación. Os límites que este congreso impón para cada relatorio fan aconsellable un estudio reducido a estes tres sufixos. Por outra parte, considero que, para a descrición gramatical do galego común actual, é preferible analizar estes elementos nunha fala viva antes ca en obras literarias.
- b) Observa-lo reparto funcional de *-iño* e *-ciño* nesta fala.
- c) Subliña-la presenza do sufixo *-ito* na fala dos vellos de Castrelo do Val.
- d) Constatar que o valor “minorativo, empequenecedor” é o valor primordial do sufixo *-ico* na fala deste municipio.
- e) Intentar predicir cál será a evolución destes sufixos no futuro.

Deixo fóra do meu estudio as chamadas funcións do diminutivo. Parto da hipótese de que estas formas expresan “minoración”. Esta “minoración” pode ir acompañada dun

¹ Vid. Alonso Núñez, 1995, pp. 103-127.

sentimento afectivo, quer positivo quer negativo. Tal sentimento afectivo, por veces, chega a borra-lo significado “diminutivo”.

Para realizar este estudio botei man do material recollido para a miña tese de doutoramento sobre a fala de Castrelo do Val. Así, a información manexada procede de enquisas persoais e daquelas cintas gravadas máis aproveitables para este tema.

2. O SUFIXO *-IÑO*

R. Álvarez, H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986, pp. 81-90) distinguen entre morfemas flexionais e morfemas derivativos. Os morfemas flexionais ou desinencias conteñen indicacións e significacións de carácter gramatical. Os morfemas derivativos ou afixos modifican a palabra base con determinacións e especificacións de tipo léxico. Os sufixos, fronte ós prefixos, son morfemas derivativos que se colocan despois da raíz. Os sufixos divídenos en alterativos e propiamente derivativos². Os alterativos engaden especificacións de dimensión ou connotacións subxectivas á base, pero raramente crean palabras novas. Por contra, os sufixos derivativos crean palabras novas, que precisan unha entrada no dicionario. Os alterativos subdivídenos en diminutivos, aumentativos e despectivos. Estes autores, en síntese, colocan as formas *-iño* e *-ico* entre os sufixos alterativos diminutivos do galego estándar e non mencionan o sufixo *-ito*.

O sufixo diminutivo galego por excelencia é *-iño* como se pode observar no estudio de I. González Fernández (1978) sobre os sufixos nominais do galego actual, no de Porto Dapena (1978) restrinxido a este sufixo, ou no libro, recentemente publicado, de Freixeiro Mato (1996) sobre os diminutivos en galego. En xeral, en toda a bibliografía sobre este tema salientase a frecuencia de uso de *-iño* no galego actual.

No galego da zona que estamos estudando o sufixo *-iño* pode usarse con distintas clases de palabras:

- substantivos comúns concretos e propios: *burriño; Manueliño*.
- adxectivos (e participios): *negriño; caladiño*.
- indefinidos: *pouquiño*.
- adverbios: *a xeitiño*. Non se une con xerundios.

Este sufixo *-iño* pódese acumular con outros sufixos diminutivos:

pequeno: pequeniño/piquiniño - pequechiño/piquichiño - pequerrechiño/piquirrichiño
(non se dá a combinación *pequenechiño*).

pouco: pouquiño - pouquechiño/pouquichiño - pouquerrechiño/pouquirrichiño (non se dá a combinación *pouquenechiño*).

Despois da análise das gravacións efectuadas, comprobei que o sufixo diminutivo máis usado é *-iño*. Así, por exemplo, en lugares do concello coma Pepín, Piornedo e San-

² Cf. Freixeiro Mato, 1996, pp. 24-28. Este autor denomínaos apreciativos e non apreciativos.

guñado este elemento é maioritario. En Pepín, os oito diminutivos rexistrados conteñen a forma *-iño* (*axudiña* –3 veces–, *arisquiña*³, *papaiño*, *pouquiños*, *gargantiña*, *Estercadiña*⁴). En Piornedo, atopamos once formas en *-iño* (*a xeitiño*, *firmiña*, *sobriños* “sobres pequenos”, *leitino*, *bocadiño*, *saquiño*, *panciño* –3 veces–, *ruinciños*, *xamonciños*) e unha en *-ico* (*maletica*). En Sanguñedo, aparece un único sufixo *-ico* (*gharabaticos*) fronte a vinteseis formas rematadas en *-iño* (*rapaciños*, *lobiños* –2 veces–, *pasiños*, *carballiño*, *montonciño* –2 veces–, *tòrgheiriñas*⁵, *pouquiña*, *probiña*, *cerquiña* –4 veces–, *sòliña*, *finquiña*, *rapaciño*, *paghiña* –2 veces–, *regheiriño* –2 veces–, *pequeniño* –2 veces–, *ribeiriña* –2 veces–, *barreiriña*).

Sen embargo no lugar de Monteveloso rexistramos unha forte competencia de *-ico*, pois sobre un total de catorce diminutivos temos sete en *-iño* (*maiorciño*, *plantiña*, *puebliño* –2 veces–, *rigòchèliño*⁶, *tòrghiño*⁷, *zaramoquiño*⁸), seis en *-ico* (*coròcica*⁹, *pequenica*, *casica*, *novelòtica*¹⁰, *buratica*, *tòcico*¹¹) e un en *-ito* (*casupita*¹²).

Polo tanto, comparando o uso destes tres sufixos podemos dicir que *-iño* é o máis frecuente entre a xente vella e a xente nova; *-ico* é unha forma bastante usada polos vellos e, nalgúns sitios, tales coma Sanguñedo ou Veiga de Nostre, ten certo uso entre persoas próximas ós corenta anos; a forma *-ito*, finalmente, usada só polos vellos, parece encamiñada a desaparecer.

Na zona que describimos, a distribución dos alomorfos *-iño* e *-ciño* responde a un reparto condicionado foneticamente:

- a)** Úsase sempre *-ciño* cando a palabra base remata en ditongo ou en *-n*: *maiciña*, *irmauciño*¹³, *canciño*. O galego estándar emprega sempre *-ciño* cando a palabra base remata en vocal tónica seguida de *-n* (*trenciño*) e admíteo cando a palabra

³ “Unha *arisquiña* de sal”. *Arisquiña* “areíña” é un diminutivo de *arisca* “area”, palabra usada polas persoas de mediana idade deste concello. A orixe de *arisco*, segundo Corominas, pode ser incerta ou vir do portugués *areisco*. En castelán, *arisco* aplícase translaticamente ás persoas (vid. Corominas, *DCECH*, sv *arisco*).

⁴ *A Estercadiña* é un topónimo do lugar de Ribas (Castrelo do Val).

⁵ De *tòrgueira*, lugar onde abundan os *tòrgos* “raíces da uz”.

⁶ De *rigòchèlo* “regato”.

⁷ Vid. nota 5.

⁸ De *zaramoco* “vulto dun pao”.

⁹ De *coròza* “vestimenta feita de xuncos para protexerse da chuvia”.

¹⁰ De *novelòta* (cf. con *mozote*).

¹¹ *Tòcico* é forma lexicalizada (non existe o suposto primitivo **tozo*, nin tampouco **toco*) para se referir a un anaquiño de madeira. Se fose diminutivo de *toco* (“tallo de la col” en Adelán, Alfoz, segundo Aníbal Otero, cit. por E. Rodríguez, *DEGC*, III, p. 557, sv *toco*), sería prerromance, dada a interdental, pois se non, esperaríamos **toquico*.

¹² De *casupa* “choza”. Cf. con *casopa*, que é a forma que usan Xove / Dubert / Moscoso / Sousa, 1995, sv *casopa*.

¹³ O diminutivo de *irmá* é *irmaciña*, como o de *mazá* é *mazaciña*.

base acaba en ditongo ou vocal tónica (*reíño / reiciño, pèiño / pèciño*)¹⁴. En portugués, as palabras terminadas en vocal tónica nasal ou ditongo sempre intercalan o infixo *-z-* (*orfãzinha, paizinho*)¹⁵.

b) Cando a palabra remata en vocal tónica, en *-r* e en *-l*, alternan *-ciño* e *-iño*, sendo *-ciño* a forma preferida: *pèciño (peiño), cafeciño (cafeíño), mandilciño (mandiliño), fôlciño (fôliño), florciña (floriña), parciño (pariño)*¹⁶. Skorge (1956 / 1957, p. 86) afirma que no norte de Portugal se usa *-zinho* para o diminutivo dos substantivos que rematan en *-l* e *-r*, mentres que no Algarve e no Alentejo se usan formas en *-inho*. Os datos do concello de Castrelo do Val, case lindante con Chaves, coinciden cos datos proporcionados por Skorge para o norte de Portugal. Por iso, non estamos de acordo con Freixeiro Mato (1996, p. 92), quen parece atribuír *florciña* a castelanismo, xa que segundo el o castelán utiliza máis o interfixo *-c-*. A gramática portuguesa de Cunha e Lindley Cintra (1984, p. 93) di que “não é fácil indicar as razões que comandam a escolha entre *-inho* e *-zinho*”. Estes gramáticos tamén sosteñen que a linguaxe culta prefíre as formas en *-zinho* para manter íntegra a pronuncia da palabra derivante, mentres que a linguaxe popular tende a usar *-inho*. Eu, pola miña parte, penso que a preferencia por *-ciño* da fala deste municipio non responde a unha tendencia cultista, pois os meus informantes son falantes non cultivados.

c) No resto dos casos emprégase *-iño*: *burriño, saiña*. Nestes casos, o brasileiro prefíre *-zinho (pobrezinho)*¹⁷ e o portugués tamén pode utilizar *-zinho* como podemos ver en Garrett (*gravezinhas*) e Eça de Queiroz (*nomezinho, notazinhas*)¹⁸.

En resumo, o brasileiro prefíre *-zinho* sempre; o portugués parece que está expandindo *-zinho* a tódolos contextos, aínda que os gramáticos non o recomendan nos casos arriba citados (*burrinho, sainha*); o galego estándar esixe *-ciño* cando a palabra base remata en vocal tónica seguida de *-n* (*trenciño*) e admíteo cando a palabra base remata en ditongo ou vocal tónica (*reiciño, pèciño*); e o galego desta zona usa *-ciño* en máis contextos có galego estándar (*florciña, fôlciño*). Comparando todos estes datos, creo que a gramática normativa¹⁹ non debe sancionar como incorrectos os usos de *-ciño* que se dan na fala deste concello, pois se non os permite, estará prohibindo formas vivas nesta fala e en posible expansión, segundo nos ensinan o portugués e o brasileiro.

¹⁴ Vid. Álvarez, Monteagudo e Regueira, 1986, p. 84.

¹⁵ Vázquez Cuesta e Luz, 1983, pp. 379-380.

¹⁶ Saco Arce, 1868, p. 47, informábanos de que, para o galego común, os diminutivos de *caravel* e *altar* eran *caraveliño* e *altariño*.

¹⁷ Vid. Said Ali, 1971, pp. 54-55.

¹⁸ Cito por Rodrigues Lapa, 1979, pp. 108-113.

¹⁹ Vid. Álvarez (1994, pp. 19-35) para a distinción entre gramática descritiva e gramática prescritiva.

3. O SUFIXO *-ITO*

R. Álvarez, H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986, pp. 81-90) non recollen este sufixo na súa gramática galega e esta circunstancia motivoume a escribir este artigo. Recentemente Freixeiro Mato (1996) tampouco fala deste elemento. I. González Fernández (1978, p. 28), nun traballo sobre os sufixos nominais no galego actual, atribúe a castelanismos o uso do elemento *-ito* en *bailecito* e *cabrito*²⁰ e di que é moi corrente con nomes propios.

Menéndez Pidal (1904, p. 234) afirma que o sufixo *-ito* non é de orixe latina. Hansen (1913, pp. 121-155) e Nunes (1975, p. 387) coinciden ó considerar que este elemento ten unha orixe escura e non latina. Por ser *-ito* un elemento do cal se descoñece a orixe e por ser un sufixo usado polos vellos deste concello e non polos novos; cremos que non nos queda máis remedio ca estudar este elemento coma se fose galego. Os gramáticos galegos centraron a súa descrición sobre os diminutivos no sufixo *-iño*, sufixo maioritario, autóctono e de orixe latina (vid. Nunes, 1945, pp. 379-380); e, en menor medida, tamén faláron de *-ico*. A ausencia de *-ito* na maioría dos estudos sobre a diminución en galego débese á súa coincidencia formal co diminutivo maioritario en castelán. Non obstante, os gramáticos portugueses sempre destacaron que *-ito* era o segundo sufixo diminutivo máis frecuente en portugués²¹

Unha vez establecido que este sufixo, de orixe incerta, non é necesariamente un castelanismos, vémo-los exemplos recollidos neste concello:

Furquita, rexistrada nos lugares de Campobeceros, Veiga de Nostre, Monteveloso e Piornedo, significa “gancha de madeira con dous gallos non necesariamente pequena” e, por tanto, é unha forma lexicalizada, xa que os falantes ó usala non pensan nun diminutivo de *forca*, palabra descoñecida hoxe nesta zona.

As palabras *saquito* e *saquita*, rexistradas en Campobeceros, Veiga de Nostre e Piornedo, significan primeiramente “saco ou saca pequena” e dado que a merenda ó monte se levaba nun saco pequeno, *saquito* / *saquita* pasou a significar “bolsa para leva-la merenda ó monte” iniciando así un camiño cara á lexicalización, que semella aínda non consolidada.

Co mesmo significado ca *saquita* temos *falquita*, palabra introducida en Campobeceros por persoas que viñeron de Entrecinsa (Vilariño de Conso). *Falquita* é unha forma lexicalizada hoxe en día, pois non existe *falca*²².

Casupita, rexistrada en Monteveloso, é un claro diminutivo de *casupa*²³.

²⁰ Vid. Corominas, *DCECH*, sv *cabra*.

²¹ Vid. Cunha / Lindley Cintra, 1984, pp. 92-95 e Vázquez Cuesta / Luz, 1983, pp. 379-380.

²² Cf. no portugués do Alentejo *falca*, “pedazo o rebanada de pan” e “acto de pedir limosna” (cit. por Corominas, *DCECH*, sv *falca*).

²³ Esta palabra é unha variante de *casopa*. Véxase Xove / Dubert / Moscoso / Sousa, 1995, sv *casopa*.

Hoxe en día, *cabrita*, recollida en todo o concello, ten un significado especializado “cría da cabra ata que deixa de mamar”²⁴ e, por iso, considéroa unha forma lexicalizada cunha entrada á parte no dicionario. O diminutivo de *cabra* é *cabriña* “cabra pequena”. Así a todo, é problemática a orixe do sufixo de *cabrito*; Corominas documéntao dende a Idade Media e pensa que pode derivar dun participio latino, axudado polo sufixo diminutivo *-ito* (Corominas, DCECH, sv *cabra*). Ante isto, penso que non é descartable que a orixe de *cabrito* / *cabrita* estea no sufixo diminutivo *-ito*, pois pregunto eu: ¿cal foi a axuda do sufixo diminutivo para consolidar esas formas?, ¿non será o sufixo diminutivo a orixe desas palabras?

En canto ós adxectivos derivados con *-ito*, *pequenito*, rexistrado en Campobecerros, Veiga de Nostre, Castrelo do Val, Monteveloso e Piornedo, é un diminutivo de *pequeno*; mentres que *finiquito* “delgadiño”, rexistrado en Campobecerros e Veiga de Nostre, constitúe un caso de acumulación de sufixos diminutivos ó engadirse o sufixo *-ito* sobre *finico*, palabra formada coa base *fino* e o sufixo diminutivo *-ico* (cf. Freixeiro Mato, 1996, pp. 82-89). *Rubita*, existente en tódolos lugares do municipio, é un diminutivo de *rubia* que se aplica ás persoas, ós animais e ás patacas; o diminutivo *rubito* difire de *rubita* en que non pode aplicarse ás patacas.

Tamén se empregan, en tódolos lugares deste concello, as formas *todito* e *nadita* así como os intensificadores *curioso*, *limpito*. Estes intensificadores son denominados por Said Ali (1971, pp. 54-55) superlativos.

Ademais das formas xa apuntadas, nesta fala tamén aparecen posibles castelanismos, existentes noutras zonas dialectais do galego, tales como *bonito*, *enterito*²⁵ e *blanquita*²⁶.

En conclusión, na fala dos vellos desta zona o sufixo diminutivo *-ito* sóldase a substantivos e a adxectivos e, en menor medida a algúns indefinidos (*todito*). As formas lexicalizadas en *-ito* demostran a vitalidade deste sufixo no pasado. Por contra, os novos case non empregan *-ito* con valor diminutivo, xa que só coñecen este elemento en formas lexicalizadas ou en vías de lexicalización.

Ante a constatación nesta zona dun sufixo *-ito* diminutivo, penso que este sufixo debe introducirse na gramática descritiva do galego estándar actual, pois constitúe unha alternativa expresiva para a diminución. A favor desta petición tamén actúan os datos da Terra Chá. Regueira (1989, pp. 137-245), na súa tese de doutoramento sobre a fala da Terra Chá, documéntao cun valor “diminutivo” nos seguintes substantivos: *parrochita*, *pedrita* ‘pedra de froita’, *cabrito*, *vaquito*, *coidadito* (con valor intensificador) e a forma

²⁴ Cf. Xove / Dubert / Moscoso / Sousa, 1995, sv *cabra*.

²⁵ É moi frecuente a expresión *enterito* i *entamado* “completamente, por completo” ou “terminado e preparado”. Cf. co castelán *tamo* “paja menuda” de orixe incerta ou quizá forma prerromana (vid. Corominas, DCECH, sv *tamo*).

²⁶ A forma *branco*, usada só por algúns vellos, foi substituída por *blanco*. Sobre *blanco* fanse *blanquito* e *blanquita*. *Blanquita* pode chegar a substantivarse ó designar unha clase de patacas, chamadas nesta zona *patacas de Quènebre*, deturpación de *Quenebec*.

lexicalizada *forquito / forquita* e nos seguintes adxectivos: *caladitos, sequito, enterito, clarito e delgadito*.

En canto ós nomes de persoa, que tamén son documentados por Regueira na Terra Chá, a súa presenza está rexistrada en toda Galicia. No seu progresivo uso parece axuda-lo feito de que este diminutivo sexa o maioritario en castelán. Se ben este mesmo motivo, ser un sufixo moi frecuente en castelán, pode facer mingua-lo seu emprego en galego, xa que os usuarios poden chegar a interpretalo coma un elemento alleo. Incluso se dá o caso de falantes, que aínda que usan *-ito* nas súas conversas, afirman descoñecelo cando se lles pregunta por el.

Segundo Diez, a terminación *-ito* (< -ITTU) puido principiar polos nomes propios e ter orixe xermánica (cit. por Hanssen, 1913, p. 151; vid. tamén Piel-Kremer, 1976, p. 341, “IT(T)US”), e a partir de aí estenderíase ós nomes comúns, en competencia con outros sufixos diminutivos, con maior ou menor éxito dependendo das zonas dialectais.

4. O SUFIXO *-ICO*

Porto Dapena (1977, p. 143) na súa tese sobre o galego da comarca ferrolá rexistra *-ico* en Vilaboa competindo con *-iño*, sobre todo en función diminutiva. Nos demais lugares ten un emprego moi restrinxido –só nalgúñas palabras–, sendo, polo demais propio de persoas moi vellas. R. Álvarez, H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986, pp. 85-93) clasifican este sufixo non latino de orixe incerta²⁷ entre os sufixos alterativos diminutivos e non o clasifican entre os despectivos.

Por contra, I. González Fernández (1978, pp. 26-28) dálle a este sufixo un valor diminutivo ou despectivo dependendo do contexto. A citada autora tamén nos di que na zona de Valdeorras e límite con León o diminutivo usual é *-ico* e unicamente usan *-iño* afectivamente. Así mesmo, Regueira (1989, pp. 187-245) recolle este sufixo na fala da Terra Chá atribuíndolle unhas veces valor diminutivo (*leirico, nõvica*) e outras pexorativo (*leirico, nõvica*). Tamén nos fala da súa frecuencia en feminino plural *-icas* (*cagui-cas*). Este aparente feminino plural (*medicas, conicas*) é tan productivo nesta zona coma no resto do galego. Este elemento, que acostuma soldarse a bases verbais para dotalas cun valor subxectivo case sempre negativo, merecería un estudio á parte.

As gramáticas portuguesas non coinciden á hora de analiza-lo sufixo *-ico*. Vázquez Cuesta (1971, p. 379) considera que *-ico* (*burrico*) ten un valor despectivo. Cunha e Lindley Cintra (1984, p. 94) pensan que non ten valor pexorativo e din que aparece con substantivos (*abanico, amorico, burrico*) e con nomes propios (*Anica, Joanico*).

Na fala do concello de Castrelo do Val o sufixo *-ico* aparece con valor diminutivo, pois refírese a elementos pequenos con respecto á base (*murico* “muro pequeno”, *ca-*

²⁷ Vid. Hanssen, 1913, pp. 121-155; Menéndez Pidal, 1904, p. 234 e Nunes, 1975, p. 387.

chico “cacho pequeno”). No caso de ter unha connotación subxectiva, esta, en principio, pode ser positiva ou negativa dependendo da vontade do falante. Non obstante, é evidente que *casica* se presta a adquirir connotacións negativas mellor ou antes ca *casina*.

O lugar do concello onde máis abunda este sufixo é Monteveloso cun total de seis formas en *-ico* sobre catorce diminutivos computados (*coròcica*, *pequenica*, *casica*, *novelòtica*, *buratica* e *tòcico*, vid. supra, o sufixo *-iño*). Entre os falantes vellos, o sufixo *-ico* mostra unha gran vitalidade nos lugares de Monteveloso, Veiga de Nostre, Sanguñedo e Campobecerras. En Veiga de Nostre e Sanguñedo este sufixo ten certo uso entre a poboación próxima ós corenta anos. Todos estes datos fannos pensar na pervivencia durante bastante tempo nesta fala deste sufixo, como alternativa á forma *-iño* para a expresión da diminución.

5. CONCLUSIÓNS

Para terminar recapitulamos sobre o visto na fala deste concello. En primeiro lugar, estudiámo-lo sufixo *-iño* e vimos como era o maioritario, coincidindo nisto co galego estándar. En segundo lugar, observamos que a distribución de *-iño* e *-ciño* respondía a un condicionamento fonético non coincidente co formulado para o galego estándar; á vista destes resultados, debemos facer máis estudos descritivos sobre diferentes falas para non incorrer no erro de proscribir certos usos que, ademais de seren autenticamente galegos, adoitan ser frecuentes (*florciña*, *mandilciño*). Con isto, quero dicir que é conveniente describir con certo rigor todo o galego antes de elabora-la correspondente gramática prescritiva. En terceiro lugar, constatamos que o sufixo *-ico*, que tiña fundamentalmente un valor “minorativo”, era unha forma productiva tanto entre a xente vella canto entre persoas de mediana idade. Por último, mostrei o sufixo *-ito* coma un sufixo autóctono e activo na fala das persoas de idade deste concello e, a pesar de ser un elemento en vías de desaparición, considerei que o galego estándar debía habilitalo como alternativa para a expresión da diminución ou polo menos non prohibilo.

BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Núñez, A. S., “Notas sobre a fala de Campobecerras”, *Cadernos de Lingua* 11, 1995, pp. 103-127.
- Álvarez Blanco, R. / Monteagudo, H. / Regueira, X. L., *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1986.
- Álvarez Blanco, R., “Gramática descritiva e gramática prescritiva”, *Cadernos de Lingua* 10, 1994, pp. 19-35.
- Corominas, J. / Pascual, J. A., *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, 6 vols., Madrid, Gredos, 1980-1991.

- Cunha, C. / Lindley Cintra, L. F., *Nova gramática do português contemporâneo*, Lisboa, Sá da Costa, 1984.
- Fernández Rei, F., *Dialectología da Lingua Galega*, Vigo, Xerais, 1990.
- Freixeiro Mato, X. R., *Os diminutivos en galego*, Vigo, A Nosa Terra, 1996.
- González Fernández, I., *Sufijos nominales en el gallego actual*, *Verba* 11, 1978.
- Hanssen, F., *Gramática histórica de la lengua castellana*, Halle, Niemeyer, 1913.
- Menéndez Pidal, R., *Manual de Gramática histórica española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1904.
- Nunes, J. J., *Compêndio de gramática histórica portuguesa. Fonética, Morfologia*, Lisboa, Livraria Clássica Ed., 1975, 8ª ed.
- Piel, J. M. / Kremer, D. *Hispano-Gotisches Namenbuch*, Heidelberg, Carl Winter, 1976.
- Porto Dapena, J. A., *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Santiago de Compostela, *Verba* 9, 1977.
- Porto Dapena, X. A., “Estudo morfo-semântico do apreciativo galego. ¿O sufixo *-iño*, diminutivo garimoso?”, *Vigo, Grial* 22, 1968, pp. 412-424.
- Regueira, X. L., *A fala do norte da Terra Cha. Estudio descriptivo* (tese de doutoramento inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 1989.
- Rodrigues Lapa, M., *Estilística da Língua Portuguesa*, Coimbra, Coimbra Editora, 1979, 10ª ed.
- Rodríguez González, E. *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo, Galaxia, 1958-1961.
- Saco Arce, J. A., *Gramática Gallega*. Lugo, Imprenta de Soto Freire, 1868.
- Said Ali, M., *Gramática Histórica da Língua Portuguêsa*, Rio de Janeiro, Livraria Acadêmica, 1971, 7ª ed.
- Skorge, S., “Os sufixos diminutivos em português”, Lisboa, *Boletim de Filologia*, 16, 1956-1957, pp. 50-90 e pp. 222-305; 17, 1958, pp. 20-53.
- Vázquez Cuesta, P. / Luz, A. Mendes da, *Gramática da Língua Portuguesa*, Lisboa, Edições 70, 1983.
- Xove, X. / Dubert, F. / Moscoso, E. M. / Sousa, X. C., *Diccionario da lingua galega*, Vigo, Obradoiro / Santillana, 1995.